

CONCELLO DE NARÓN

AUDIENCIA E INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE ELABORACIÓN DA NORMA DENOMINADA:

- PLAN DE INSPECCIÓN MUNICIPAL DE ACTIVIDADES.

OBXECTO: Sen prexuízo da consulta previa á redacción do texto desta iniciativa, xa efectuada (ao estimar que a norma afecta aos dereitos e intereses lexítimos das persoas), o Concello de Narón acorda publicar agora un primeiro borrador do texto da disposición neste portal, co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e recabar cantas aportacións adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades. Así mesmo, poderá tamén recabarse directamente a opinión das organizacións ou asociacións recoñecidas por lei que agrupen ou representen ás persoas cuxos dereitos ou intereses lexítimos se verán afectados pola norma e cuxos fins garden relación directa co seu obxecto.

NORMATIVA:

Artículo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Directriz nº 6 da Regulación da participación cidadá na planificación, elaboración e avaliación da normativa municipal no Concello de Narón.

PROCEDEMENTO

TRÁMITE: Sometemento a audiencia e información pública da disposición normativa anterior.

DESTINATARIOS: Cidadáns/ás afectados/as.

PRAZO: 15 días naturais a contar desde o seguinte a esta publicación no portal.

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN: Como xa se indicó no trámite de consulta previo á redacción deste borrador, é intención desta Corporación a aprobación da seguinte norma:

- PLAN DE INSPECCIÓN MUNICIPAL DE ACTIVIDADES.

En cumprimento das prescricións establecidas na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, o Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos e a Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades de Galicia, redactarase un Plan de Inspección municipal de actividades co obxectivo de determinar as actuacións prioritarias do Servizo de Urbanismo deste Concello no tocante á función inspectora das actividades sometidas a licenza, comunicación

previa ou declaración responsable, coa finalidade de mellorar a calidade e eficiencia das funcións de inspección e comprobación que a normativa vixente encomenda ás Administracións locais.

O prazo para recabar aportacións neste trámite de audiencia rematará o día 10 de xuño de 2021.